

REGULAMENTO XXV CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO DO GROVE 2026

- ORGANIZAN: Concello do Grove e C.D. Ría de Arousa do Grove.
- DATA DE CELEBRACIÓN: **domingo 27 de setembro de 2026**. A carreira absoluta (10 km.) comezará ás 10:00 h. As carreiras de menores sobre as 11:30 h. aprox. (ao remate da carreira absoluta).
- INSCRICIÓNS: Para todas as categorías as inscricións realizaranse a través da páxina www.carreirasgalegas.com dende o 27 de xullo ata o mércores 23 de setembro ás 23:59 h. A categoría absoluta terá un prezo de 8 euros con dereito a “bolsa do corredor” se se fai a inscrición antes do domingo 13 de setembro ás 23.59 h.

A partir desta data e ata o 23 de setembro o custo será de 12 euros.

- RECOLLIDA DE DORSAIS: sábado 26 de setembro de 16:00 a 18:00 h. na Sala das Cunchas, na planta baixa do edificio do [Concello de O Grove](#), ou o propio domingo 27 na zona de saída entre 8:00 e 9:30 h. Os dorsais das carreiras de menores poderanse recoller ata as 11:30 h.



Ubicación do Concello de O Grove (Praza do Corgo)

- SAÍDA e META DA PROBA: [Parque de Confín \(no Paseo Marítimo de Beiramar\)](#).



Ubicación da zona de recollida de dorsais o día da carreira,

Saída e Meta (Avda. Beiramar, Paseo de Confín)

- CARACTERÍSTICAS DO CIRCUÍTO: O percorrido será mixto, comezando sobre asfalto, continuando por terra (no Monte da Illa da Toxa), saíndo de novo ó asfalto, seguindo polo céspede do campo de Golf A Toxa e rematando en asfalto novamente ata a liña de meta.

Haberá duchas ao servizo dos corredores no [Pavillón Náutico Tono Campos](#) e no [Pavillón dos Deportes de Monte da Vila](#) ao finalizar a carreira.



Ubicación Pavillón Náutico Tono Campos



Ubicación Pavillón Municipal Monte da Vila

-AVITUALLAMENTO: Haberá avituallamento tanto na metade do percorrido como na zona de meta.

- CATEGORÍAS E DISTANCIAS establecidas pola organización:

CATEGORÍAS (masculina e feminina)	DISTANCIAS	HORARIO
PITUFOS: nados en 2020, 2021, 2022 ou posteriores	250 m. aprox.	12:25h
PREBENXAMÍN: nados no 2019	500 m.	12:20h
BENXAMÍN (sub 10): nados no 2017 e 2018	500 m.	F 12:10h – M 12:15h
ALEVÍN (sub 12): nados no 2015 e 2016	1000 m.	F 12:00h – M 12:05h
INFANTIL (sub 14): nados no 2013 e 2014	1000 m.	F 11:50h – M 11:55h
CADETE (sub 16): nados no 2011 e 2012	1500 m.	F 11:30h – M 11:40h
XUVENIL (sub 18): nados no 2009 e 2010	1500 m.	F 11:30h – M 11:40h
SUB 20- SUB 23 e SENIOR (na mesma categoría): de 2008 ata os 34 anos cumpridos o día da proba	10.000 m.	10:00h
MASTER A: de 35 a 44 anos cumpridos o día da proba	10.000 m.	10:00h
MASTER B: de 45 a 54 anos cumpridos o día da proba	10.000 m.	10:00h
MASTER C: de 55 a 64 anos cumpridos o día da proba	10.000 m.	10:00h
MASTER D: a partir de 65 anos cumpridos o día da proba	10.000 m.	10:00h

- PREMIOS:

- A cerimonia de entrega de premios terá lugar na zona de meta a continuación das carreiras de menores.

-Recibirán trofeo os 3 primeiros clasificados de cada categoría (masculina e feminina) a partir de benxamíns. En todas as categorías de menores, ata sub 18, haberá medalla para tod@s@s participantes.

- Os tres primeiros clasificados da xeral na categoría absoluta (10 km.), tanto masculina como feminina recibirán un trofeo e os seguintes premios en metálico, ademais dun bono de consumición para a “Festa do Marisco”:

1º: 350€

2º: 250€

3º: 150€

- Haberá que presentar o DNI para o cobro dos premios en metálico.

- Os primeiros atletas masculino e feminino locais recibirán un trofeo e un bono de consumición para a “Festa do Marisco”.

- A organización reservase a posibilidade de poder agasallar ós primeiros clasificados das diferentes categorías con mais premios que se poidan conseguir de patrocinadores e colaboradores.

- DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA.

- A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función de diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.

-Durante a proba poderá haber fotógrafos tanto da organización como do público, polo que se acepta por parte do participante que se poderán reproducir imaxes ou vídeos en diferentes redes sociais, soportes publicitarios ou medios de comunicación.

- PARTICIPACIÓN DE ATLETAS ESTRANXEIROS E DOUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS. A participación de atletas estranxeiros e de outras federacións autonómicas rexerase segundo o regulamento de competición da Real Federación Española de Atletismo para probas de calendario autonómico.

Ligazón:

https://atletismorfea.es/sites/default/files/2026-07/Reglamento_de_Competiciones_DILIGENCIADO_CD_18.06.2026.pdf

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

-Calquera comunicación posterior á publicación deste regulamento farase a través do Facebook do Club Deportivo Ría de Arousa de O Grove.

-A inscrición na proba implica a aceptación deste regulamento.

O Grove, xullo de 2026